



Procedemento: Convocatoria 2026 de axudas a festivais de música (CT302F)

Asunto: Resolución de nomeamento da comisión de valoración

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. Con data 28 de novembro de 2025, o Diario Oficial de Galicia, nº 231, publicou a Resolución do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a festivais de música e convócanse para o ano 2026 (código de procedemento CT302F).

2. O artigo 16 desta convocatoria recolle que para a avaliación das solicitudes presentadas constituirase unha Comisión de Valoración, nomeada pola persoa titular da Dirección da Agadic.

Para a composición da Comisión terase en conta o establecido no artigo 152 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

A condición de vogal da Comisión ten carácter persoal e non pode actuar por delegación nin ser substituído en ningún caso. As persoas que forman parte da Comisión declararán por escrito non ter relación coas persoas solicitantes ou, se é o caso, cos partícipes das persoas xurídicas solicitantes na correspondente convocatoria. Así mesmo, absteranse se concorre algunha das circunstancias descritas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo o artigo 2 do Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galegas das Industrias Culturais, correspóndelle á dirección, como órgano executivo da axencia, a súa dirección e xestión ordinaria.

2. No artigo 21 dos devanditos Estatutos, establécese que a Dirección ten entre as súas atribucións "instruír os procedementos sancionadores e os procedementos de concesión de axudas e subvencións".



En base ao exposto

RESOLVO:

Nomear a Comisión de Valoración deste procedemento de subvencións, que segundo o artigo 16 terá a seguinte composición:

- Dúas persoas pertencentes ao persoal da Agadic para a avaliación dos criterios automáticos:

- Pilar Portela Vázquez, en calidade de Presidenta da Comisión
- Belén Vázquez Merelles, en calidade de Vogal

- Tres persoas expertas do ámbito escénico para a valoración dos criterios técnicos:

- Alfonso García Pérez
- Beatriz Fernández Rivera
- Raquel Lagares Rilo

- En calidade de persoa do cadro de persoal da Agadic, que fará as funcións de secretaría da Comisión, con voz e sen voto:

- María del Pilar Peña de Castro

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O Director da Agadic

Jacobo Sutil Nesta

